

## **Máis alá - Análise publicada en [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)**

18-2-09

### **O futuro inmediato. O que as organizacións políticas queren facer coa lingua na vindeira lexislatura**

ANÁLISE: Nel Vidal Barral



Co obxectivo de dar a coñecer as posturas lingüísticas das organizacións políticas e os proxectos de política lingüística para a vindeira lexislatura, ofrecemos aquí, de xeito esquemático, unha análise das propostas en materia de lingua dos programas que as distintas formacións presentan de cara ás eleccións ao Parlamento galego do 1 de marzo..

#### **BNG: igualdade xurídica de galego e castelán no novo Estatuto, rede territorial consorciada de servizos de normalización e medidas en todos os ámbitos e desde todas as áreas do goberno**

- Apartado: “Lingua”, dentro de “Avanzando no ensino, a lingua e a cultura”.
- Localización: no medio do programa, entre desenvolvemento económico e ordenación territorial.
- Páxinas: 5 de 210 (ademais de moitas outras medidas transversais recollidas en practicamente todos os apartados do programa). [2,4%]
- Idioma: galego.
- Análise xeral do programa:
  - O BNG presenta un amplo programa de política lingüística, cunha análise crítica da acción do goberno na lexislatura 05/09, da que se di que houbo “tépedos avances ligados a consellarías gobernadas por nacionalistas”, mais que non houbo un verdadeiro cambio transformador, debido en gran parte á “actitude pasiva, de inanición total e mesmo ás veces contraproducente, da Secretaría Xeral de Política Lingüística”. Deste xeito, o BNG considera que esta foi “unha lexislatura practicamente perdida que cómpre recuperar impulsando a SXPL para que cumpra os obxectivos para o que foi creada”.
  - Co obxectivo de “normalizarmos a situación da lingua e estendermos a toda a sociedade o uso do galego”, o BNG presenta un completo programa de obxectivos e medidas estruturadas en 12 puntos, baseándose en que a normalización debe ser un compromiso de todo o goberno e non unha materia en exclusiva dun departamento: administración, novas tecnoloxías, mocidade, comunicación, economía, deporte, cultura, xustiza, relixión, migración, achegamento ao ámbito galego-portugués e galego exterior.
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - Igualdade xurídica do galego co castelán no novo Estatuto de Nación para Galiza.

- Cumprimento dos obxectivos do PXNLG como paso inicial de normalización social da lingua.
- Creación dunha rede estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial, unha estrutura nacional consorciada que concite os esforzos das diferentes administracións públicas e entidades privadas.
- Vinculación de todas as contratacións e axudas públicas de todos os ámbitos ao uso da lingua galega.

### **PPdeG: bilingüismo, derogación do Decreto de promoción do galego no ensino e oficina para a defensa dos dereitos lingüísticos de falantes de castelán e galego**

- Apartado: “Lingua”, dentro de “Lingua, cultura e patrimonio”, dentro do programa de “Autogoberno”.
- Localización: último apartado do programa, despois de relacións institucionais e acción exterior.
- Páxinas: 10 de 320. (ademais dalgunha referencia xeral nalgúns apartados concretos). [3,1%]
- Idioma: galego.
- Análise xeral do programa:
  - O programa de lingua do PP comeza cunha ampla introdución na que se critica a política lingüística do bipartito, que “ao servizo dos intereses dunha minoría nacionalista pretende impoñer o monolingüismo, apostando pola substitución das políticas de fomento e de promoción, a favor de políticas de imposición e de sanción”.
  - No seu programa o PP recoñece que para a normalización da lingua “aínda queda terreo por percorrer nalgúns ámbitos públicos e sociais: a xustiza, a empresa, as novas tecnoloxías e os medios de comunicación, entre outros”, para o que aposta por un “bilingüismo integrador baseado no coñecemento por todos de ambas as linguas e no dereito da libre opción lingüística”.
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - Derogación do Decreto de fomento do uso do galego no ensino para garantir o libre uso das linguas galega e castelán nas relacións entre profesorado e alumnado nos exames, textos e materiais.
  - Creación dunha oficina de dereitos lingüísticos para tramitar queixas en relación co uso do galego e do castelán.
  - Homoxeneización, a través un único Centro de formación, da obtención dos coñecementos de galego e expedición de títulos.
  - Aplicación a empresas da exención fiscal prevista na Lei de normalización lingüística e no PXNLG.

### **PSdeG-PSOE: fomento dos valores do plurilingüismo, promoción da diversidade lingüística e Consello Social da Lingua**

- Apartado: “Política lingüística”, dentro de “A cultura: un dereito de todos e todas”.

- Localización: no medio do programa, entre universidade e sanidade.
- Páxinas: 1/2 de 225 (ademais dalgunha referencia xeral nalgúns apartados concretos). [0,2 %]
- Programa en galego.
- Análise xeral do programa:
  - No escaso espazo dedicado á política lingüística, o programa do PSdeG-PSOE considera que “o galego é o noso patrimonio singular, como o español é un patrimonio compartido e ás institucións e aos cidadáns de Galicia, correspóndelles a responsabilidade de garantir e estimular o seu coñecemento e uso a través dun modelo de educación plurilingüe e aberto”.
  - O programa do PSdeG-PSOE baséase no “fomento do multilingüismo” e nos “valores do plurilingüismo en Galicia, España e Europa”.
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - Elaboración dun Plan estratéxico de política lingüística que delimite as prioridades de actuación.
  - Creación dun Consello Social da Lingua Galega.
  - Fomento dos valores do plurilingüismo e promoción da diversidade lingüística en España e Europa.

#### **EU-IU: ensino comprometido coa lingua galega**

- Apartado: non hai un apartado específico de política lingüística, tan só algunhas referencias xerais nos apartados de educación e cultura.
- Localización: -
- Páxinas: 0 de 160. [0%]
- Idioma: galego.
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - A única proposta relacionada coa lingua que se fai en todo o programa é: ensino comprometido coa lingua galega, respectando de forma firme o decreto de normalización lingüística.

#### **FPG: monolingüismo social, inmersión lingüística no ensino e introdución do galego en todos os ámbitos**

- Apartado: “Política lingüística”.
- Localización: é o último apartado do programa, despois de política cultural e educativa.
- Páxinas: 2 de 30. [6,7%]
- Idioma: galego.
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - Plan integral de inmersión lingüística en todos os niveis do ensino obrigatorio.
  - Introdución do galego en todos os ámbitos.
  - Retirada de apoio a publicacións non escritas en galego maioritariamente e mais a propostas alleas á normalización.

### **NÓS UP: plena hexemonía do galego, retirada da condición de oficial ao español e unidade lingüística galego-luso-brasileira**

- Apartado: “Direitos nacionais e lingüísticos”.
- Localización: no medio do programa, entre dereitos democráticos e dereitos laborais.
- Páxinas: 1/8 de 1. [12,5%]
- Idioma: galego (norma reintegracionista)
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - Oficialidade única do galego e progresiva retirada da condición de oficial ao español.
  - Recoñecemento oficial da unidade lingüística galego-luso-brasileira.

### **Tega: bilingüismo de verdade, deber de coñecer os dous idiomas e cumprimento da Lei de normalización lingüística**

- Apartado: “Língua”, dentro de “Rexeneración social”.
- Localización: penúltimo apartado do programa, antes de medio ambiente.
- Páxinas: 1 de 59. [1,7%]
- Idioma: galego.
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - Dereito de usar e deber de coñecer as dúas linguas oficiais por parte de toda a cidadanía.
  - Cumprimento da Lei de normalización lingüística.

### **UPyD: en contra da promoción do galego, derogación de todas as normas que apoian, división do alumnado segundo a lingua e introdución do castelán en toda a administración e na RTVG**

- Apartado: “La lengua: un problema artificial”, dentro de “Unión”.
- Localización: primeiro apartado do programa, despois da presentación.
- Páxinas: 4 de 62 (ademais de moitas outras referencias en case todos os apartados do programa). [6,5%]
- Idioma: só en castelán.
- Algunhas das propostas máis salientábeis:
  - Derogación do decreto de fomento de uso do galego no ensino, da Lei de normalización, dos artigos lingüísticos da Lei de función pública, etc.
  - Disolución dos equipos de normalización e dinamización lingüística.
  - Eliminación da necesidade de coñecemento de galego para traballar na administración.
  - Introdución do castelán na RTVG e en todas as institucións.

-----

[Podes consultar os programas de lingua completos das distintas organizacións políticas para as eleccións do 1 de marzo de 2009 [.pdf, 4,88 MB] en:  
[http://www.ctnl.org/upload/des/154-a-programas\\_lingua\\_partidos\\_eleccions\\_09.pdf](http://www.ctnl.org/upload/des/154-a-programas_lingua_partidos_eleccions_09.pdf)]